

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 28/11/2013

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D<sup>a</sup> María del Carmen García Pérez.  
D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiros ausentes:

D. Plácido López Loureiro.  
D. Hipólito Díaz Silva.  
D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e tres minutos do día vinteito de novembro de dous mil trece, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, indicándose polo Sr. Alcalde que os concelleiros do PP excusaron a súa asistencia, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de novembro do presente ano dous mil trece. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus oito membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. ACORDOS RELATIVOS Á PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO P.O.S. 2014.**

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, e dos proxectos redactados para as tres obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo, que explica brevemente detallando o presuposto de cada unha, indicando que o resto do

importe da participación do Concello de San Sadurniño no POS 2014, que ascende a 70.850,09 euros, destinarase a gasto corrente.

O asunto non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos oito concelleiros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez interven para manifestar a súa conformidade coa proposta, aínda que entende que debería adicarse a inversión a totalidade da participación do Concello neste Plan, xa que hai moitas outras obras que realizar, e mesmo rematar algunhas que non quedaron ben, como a pista da Penamoura.

O Sr. Soto di que o mantemento da rede viaria tamén é gasto corrente, e que a cantidade adicada a gasto corrente deste Plan é precisa para cadrar o orzamento en apartados como o canon por tratamento do lixo, que Sogama vai incrementar nunha percentaxe superior ó 30%, o que suporía un incremento da taxa correspondente, que o Concello vai financiar para non repercutila nos usuarios. En calquera caso, está de acordo en que o espírito deste plan era o investimento, pero as decisións dos gobernos da Deputación nos últimos exercicios permiten adicar unha parte a gasto corrente. O Sr. Alcalde interven brevemente para dicir que a pista da Penamoura está en garantía e xa foi requirida a empresa que recentemente a pavimentou para a súa reparación.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos oito concelleiros presentes, acorda:

1º.- Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2014, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar no POS 2014, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2014, de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Importe total
Pavimentación do camiño de A Camba - Felgosa	46.791,72	0,00	46.791,72
Pavimentación dos camiños de Ramil, Felgosa, a Vila de Naraío e Riolimpo	35.641,66	0,00	35.641,66
Sendas peonís en Vilachá e o Chao de Lamas	51.981,82	0,00	51.981,82
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>134.415,20</b>	<b>0,00</b>	<b>134.415,20</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2014 e que se relacionan neste cadro.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ó financiamento de gastos correntes	70.850,09
--	-----------

C) Resumo

	Estado + Deputación	Concello	Importe total Euros
SUBTOTAL OBRAS	134.415,20	0,00	134.415,20
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	70.850,09	0,00	70.850,09
<b>TOTAL</b>	<b>205.265,29</b>	<b>0,00</b>	<b>205.265,29</b>

2º.- Declarar expresamente que non se considera procedente a formulación de plan complementario, debido á escasa contía dos proxectos cos que participará este Concello no POS 2014.

3º.- Declarar que o Concello é titular e ten dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Formular compromiso de incluír no presuposto municipal de 2014 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 2014.

5º.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial de A Coruña a delegación da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada no caso de que efectivamente se produza.

6º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento destes investimentos.

7º.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle sustitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

**TERCEIRO. ACORDOS RELATIVOS A SOLICITUDE DE AXUDA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL.**

Dase conta polo Sr. Soto do "Proxecto básico e de execución da escola infantil de San Sadurniño", redactado pola arquitecta municipal, cun importe total de execución por contrata de 109.677,42 euros, coa finalidade de adaptar o edificio anexo ó Pazo da Marquesa para este uso de escola infantil cunha capacidade para 40 nenos e para viveiro de empresas. A tal finalidade, solicitarase unha subvención nominativa da Deputación Provincial da Coruña, mediante a sinatura dun convenio por importe de 85.000 euros, o que supón o 77,50% do custo da obra.

A cuestión non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa

inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos oito concelleiros presentes, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

O Sr. Márquez amósase de acordo coa proposta, e pregunta polas previsións de financiación para o mantemento desa escola, e polos posibles contactos coa Xunta a tal finalidade.

OSr. Soto di que se tratou de manter eses contactos, pero que a Xunta parece que non quere participar na financiación deste investimento, e que aínda non está decidida a forma de xestión da escola infantil, que xa se decidirá no seu momento.

O Sr. Márquez di que sería unha pena ter a infraestrutura rematada e sen poder abrir, como pasou en Narón durante varios anos.

O Sr. Alcalde di que cando estea rematada se ofrecerá á Xunta a súa xestión, pero a Xunta está a privatizar a xestión das súas escolas infantís, polo que non parece probable que acepte esta para facer unha xestión pública.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus oito membros presentes, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o "Proxecto básico e de execución da escola infantil de San Sadurniño", redactado pola arquitecta municipal, cun importe total de execución por contrata de CENTO NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (109.677,42 euros) e que contén o programa detallado de traballo, para a súa execución completa na anualidade 2014.

SEGUNDO. Ratificar ou convalidar a solicitude de subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña formulada pola Alcaldía, por importe de OITENTA E CINCO MIL (85.000) euros, para a financiación parcial da obra contemplada no proxecto aprobado no punto anterior.

TERCEIRO. Declarar que este Concello non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda nin subvención para a financiación desta obra.

CUARTO. Declarar que este Concello conta cos terreos necesarios e dispón das autorizacións e licencias preceptivas para a execución desta obra.

QUINTO. Formular compromiso de consignar no Presuposto deste Concello para 2014 as cantidades necesarias para financiar a totalidade do custo da referida obra.

SEXTO. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña para a obtención telemática da totalidade dos certificados necesarios para acreditar que este Concello está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa propia Deputación Provincial e coa Seguridade Social.

CUARTO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2013.

Dase conta polo concelleiro de facenda, Sr. Soto, da necesidade de incrementar o crédito disponible no capítulo VI de gastos do presuposto do presente exercicio 2013, correspondente a investimentos, mediante un suplemento de crédito, recollido no expediente nº 2/2013, para incrementar a dotación do artigo 60, área de gasto 4, coa finalidade de poder financiar os proxectos de intervención en escolas unitarias en

Bardaos e Naraío, para a súa conversión en vivendas, debido a que algunhas previsións de ingresos para o presente exercicio non se cumpriron. O importe deste suplemento sería de 200.000 euros, cantidade procedente do remanente de tesoureiría do exercicio 2012.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos oito membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez interven de seguido para dicir que está de acordo coa modificación proposta no orzamento, aínda que consideraría preferible axustar as previsións de ingresos cando se elabora o presuposto e non gastar do remanente.

O Sr. Alcalde di que as previsións estaban ben, pero que as vivendas aínda non se venderon e unha subvención prevista de Agader non se recibiu porque a finalidade do investimento non encaixaba na convocatoria.

O Sr. Márquez di que no Pleno anterior se dixo que aínda non se sabía se as vivendas venderíanse ou non, e que en calquera caso o presuposto estaba inflado.

O Sr. Alcalde resposta que se trataba de previsións, e que de non prever eses ingresos non fora posible realizar o investimento correspondente, e o Sr. Soto di que a opción deste grupo de goberno é facer orzamentos á alza, porque é máis transparente que executar a base de ampliacións de crédito durante o exercicio.

Sometido seguidamente a votación ordinaria, a Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus oito membros presentes, acorda:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 02/2013, do Presupuesto do 2013, na modalidade de suplemento de crédito financiado mediante o remanente positivo de tesoureiría do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
4 – 60	923.421,15	200.000,00	1.123.421,15

Altas en Partidas de Ingresos


Partida: capítulo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
87	88.221,15	200.000,00	288.221,15

2º.- Ordear a exposición ó público do contido do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, o seu exame e a presentación de reclamacións, especificando que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o expediente de que se trata.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e cincuenta e tres minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.



O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO

